



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)

D. Luis M^a Muiños Vidueira
(Ltrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE MEIRA, CONCELLO
DE MOAÑA

D. Valentín Piñeiro González
Dna. Belén Raposo Pérez

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinteito de abril do 2004, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación de varias parcelas da parroquia de Meira, do concello de Moaña.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada 27 de febreiro de 2001, D. Valentín Piñeiro González, na súa condición de presidente da CMVMC da parroquia de Meira, concello de Moaña, presenta solicitude de iniciación de expediente de clasificación de 10 parcelas na parroquia de Meira, do concello de Moaña acompañando planos asinados polo enxeñeiro técnico Agrícola D. Cesar Santiago Esperón.

SEGUNDO.- Solicítase ó Servizo de Montes e Industrias Forestais informe previo a incoación sobre a viabilidade que posúe a petición formulada, así como a suficiencia da planimetría aportada e se algunha das parcelas solicitadas atopase entre as clasificacións existentes.

Con data 15/04/02 o xefe do Servizo de Montes informa que algunhas parcelas están clasificadas e se aporta os datos sobre as superficies non clasificadas. Acompañándose planos a escala 1:10.000.



TERCEIRO.- Con data 14 de setembro de 2001, D. Valentín Piñeiro González presenta informe de D. Cesar Santiago Esperón sobre a descripción das parcelas obxecto da clasificación.

CUARTO.- Na reunión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común que tivo lugar o día 9 de maio de 2002, adoptouse no punto 2º da orde do día o seguinte acordo: “*Neste punto da orde do día foi sometida a consideración do Xurado Provincial a solicitude para a clasificación como veciñal en Man Común de 10 parcelas a favor da Comunidade veciñal da parroquia de Meira do concello de Moaña, acordándose de xeito unanime polo Xurado, á vista do informe emitido polo Servicio de Montes e Industrias Forestais, incoar o expediente para a clasificación co citado carácter das parcelas número 1, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, esta última na cabida de 24,58 has aproximadamente da parroquia de Meira no concello de Moaña, excluindo a incoación do mesmo respecto ás parcelas números 2, 3 e 10, esta última na cabida de 190,72 has, por atoparse xa clasificadas a favor da comunidade solicitante.....*”

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Decreto 260/1992 solicítase informe perceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais que é remitido ó Xurado con data 19-02-03, describíndose os montes de maneira seguinte:

**CONCELLO: MOAÑA
PARROQUIA: MEIRA**

Parcela nº 1. Superficie alegada na solicitude 18.625,18 M/2

Lindes:

Norte: Concello de Marín

Sur: Parroquia de Domaio

Oeste: Monte Veciñal, clasificado xa a favor de Meira

Descripción: Parcela de forma triangular

Parcela nº 4. Superficie alegada na solicitude 1.195,08 M/2

Lindes:

Norte, Sur, Leste e Oeste: Muro

Descripción: Sobrante de camiño en zona urbanizada

Parcela nº 5. Superficie alegada na solicitude 16.345,47 M/2

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Díaz Boubeta

Sur: Propiedades particulares de Manuel Sánchez Llanos

Leste: Propiedades particulares de Amalia del Río

Oeste: Ribera-Mar Atlántico

Servidumes e ocupacións: Atópase atravesada pola estrada Cangas-Vilaboa, dentro desta parcela atópase un parque infantil de aproximadamente 300 m/2 e o local da Comunidade de Montes de Meira



Parcela nº 6. Superficie alegada na solicitude 10.064,50 M/2

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Manuel Santomé
Sur: Ribera-Mar Atlántico
Leste: Conservas La Guía
Oeste: Centro de Primaria

Parcela nº 7. Superficie alegada na solicitude 4.782,07 M/2

Lindes:

Norte: Propiedades particulares muro por medio e estrada ó centro de primaria
Sur: Propiedades particulares muro por medio
Leste: Camiño
Oeste: Propiedades particulares muro por medio
Servidumes e ocupacións: Atópase unha caseta de traída de augas, así coma diversas antenas.

Parcela nº 8. Superficie alegada na solicitude 42.957,68 M/2

Lindes:

Norte: Estrada de Cangas a Vilaboa
Sur: Propiedades particulares de Sara Arizaga
Leste e Oeste: Camiño
Servidumes e ocupacións: Dúas liñas de media tensión, así como dúas vivendas ocupando 1.600 m/2 e 1.500 m/2 respectivamente

Parcela nº 9. Superficie alegada na solicitude 45.293,80 M/2

Lindes:

Norte: Estrada de Cangas a Vilaboa
Sur: Estrada de acceso de Rodman e Latón e propiedades particulares de Sara Arizaga
Leste: Estrada de Cangas a Vilaboa
Oeste: Camiño e estrada de Caangas a Vilaboa
Servidumes e ocupacións: Empresa La Moa e unha vivenda

Parcela nº 10 . Superficie 24,58 Has.

Lindes:

Norte: Monte xa clasificado da Comunidade de Montes de Meira
Sur: Propiedades particulares de José Piñeiro, Josefa García, Vicente García Martínez, Manuel García Paz, Luis Pereira, Javier Martínez Barreiro, Longina Cao Castro, Manuel Ríos, Jesús Díaz, Carmen Cao Costa, Amor Cordero, Manuel Cordeiro del Río, Carmen González, José M. Río Riobó, Eugenio Currás, María Touriño, Jesús Collazo del Río, José Durán, Manuel Rosales, Cándido Costa, estrada e camiño
Leste: Propiedades particulares de José Gallego e muro
Oeste: Propiedades particulares de Leonor Martínez, José Gallego e pista forestal



SEXTO.- Con data 9 de maio de 2002 o Xurado Provincial de Clasificación acorda a incoación do expediente e comunícao ó Concello de Moaña e a Comunidade de Montes de Meira con data 31/07/02.

Mediante edicto publicado no Diario Oficial de Galicia nº 190 de 1 de outubro de 2003 ábrese un periodo de información dun mes. Notifícase á Comunidade de Montes de Meira e ó Concello de Moaña con data 31 de xullo de 2003.

SETIMO.- Durante a tramitación do expediente presentouse a seguinte documentación:

- Escrito de D. Valentin Piñeiro González presentado con data 08/10/02 alegando a propiedade da parcela nº 5 sita na Fanequeiras.
- Escrito de D. Valentín Piñeiro González presentado con data 30/09/03 que á vista do acordo de incoación do expediente de clasificación, do informe do enxeñeiro xefe do Servicio, e do informe da enxeñeira técnica presenta diversa documentación e alegacións sobre o aproveitamento forestal das parcelas obxecto da clasificación e a pertenza a dita comunidade.
- Escrito de D. Juan Santos García, presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio de data 30/10/03 opoñéndose á clasificación das parcelas 1 e 9 por estar xa clasificadas por resolución do Xurado de data 25/11/81 a favor da citada comunidade.
- Escrito de D. Valentín Piñeiro González de data 31/10/03 na que presenta alegacións respecto as parcelas 1 e 9, recoñecendo que a parcela 1 e propiedade da parroquia de Domaio e a parcela 9 e tódalas demais son propiedade da citada comunidade.
- Escrito de D. Valentín Piñeiro González de data 05/01/04 reiterando que a excepción da parcela 1 todas as demais atópanse sen clasificar e dentro da parroquia de Meira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.



Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro cómpre entender por montes veciñais en man común “... *os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños*”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- A entidade promotora do expediente non achegou proba suficiente para acreditar a existencia do uso comunal durante as últimas décadas, polo que témonos que basear nos informes emitidos polo Servicio de Montes.

Cuarto.- A vista do exposto resulta o seguinte:

Parcela 1.- Atópase dentro da parroquia de Domaio e non procede a súa clasificación.

Parcela 4 .- Segundo o informe preceptivo é un sobrante de camiño en zona urbanizada e non se atoparon aproveitamentos e usos, polo tanto non procede a súa clasificación.

Parcela 5.- Vista a documentación obrante no expediente sólo queda demostrado o uso polos veciños das zonas da parcela ocupada polo parque infantil e o local da comunidade, propoñendo a clasificación de ditas zonas.

Parcela 6 .- Segundo informe preceptivo non se atopou ningún aproveitamento polo que non procede a súa clasificación.

Parcela 7 .- Vista a documentación obrante no expediente sólo queda demostrado o uso polos veciños da área recreativa da comunidade, polo que se propón a clasificación de dita zona.

Parcela 8.- Segundo o informe do Servicio de Montes non hai ningún aproveitamento por parte dos veciños polo que non procede a súa clasificación.

Parcela 9.- Segundo o informe preceptivo non hai ningún aproveitamento por parte dos veciños polo que non procede a súa clasificación.



Parcela 10.- Superpoñendo o plano da petición da parcela a clasificar sobre o plano da clasificación xa existente coincide case na súa totalidade, quedando 12 parcelas que a súa ubicación non contradice a descrición da resolución de clasificación de data 25 de novembro de 1981 (límite oeste fincas particulares) polo que se propón a non incorporación como nova clasificación ata que se realice o deslinde administrativo onde se definiría con exactitude a cabida e o perímetro do monte e a pertenza do comunal e do particular.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como monte veciñal en man común as parcelas números 5 e 7, a favor da CMVMC de Meira, do concello de Moaña de acordo co fundamento de dereito cuarto e coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

NON CLASIFICAR como monte veciñal en man común as parcelas números 1, 4, 6, 8, 9 e 10 polos motivos anteriormente expostos.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de
Medio Ambiente)

VOCALIS

D. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e
Industrias Forestais)
D. Luis M^a Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da
Xunta)

SECRETARIO

Dña. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-
Xurídico da Delegación de Medio
Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as
dezasete horas do día quince de
decembro do 2004, coa asistencia das
persoas ó marxe reseñadas, reúnese na
3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa
Benito Corbal o Xurado Provincial de
Clasificación de Montes Veciñais en
Man Común ó obxecto de decidir sobre
o **recurso de reposición** presentado por
D. Valentín Piñeiro González, en
calidade de presidente da CMVMC de
Meira, contra Resolución adoptada polo
Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de
Pontevedra o 28 de abril do 2004.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O Xurado Provincial de
Montes Veciñais en Man Común de
Pontevedra, acordou inicia-lo
expediente de clasificación como
veciñal en man común de oito parcelas (
números 1, 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10) da
parroquia de Meira, do concello de
Moaña, á vista da solicitude presentada
por D. Valentín Piñeiro González, na
súa calidade de presidente da Xunta
Rectora da Comunidade de Meira e do
informe do Servizo de Montes e
Industrias Forestais.



SEGUNDO.- Tramitado o expediente de conformidade cos preceptos legais e regulamentarios aplicables, o Xurado Provincial na súa reunión de data 28 de abril de 2004, acordou resolve-lo expediente no senso de “clasificar como monte veciñal en man común as parcelas números 5 e 7, a favor da CMVMC de Meira, de acordo có fundamento de dereito cuarto e coa planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais” e non clasificar como monte veciñal en man común as parcelas números 1, por atoparse dentro da parroquia de Domaio; parcela 4, por ser un sobranse de camiño en zona urbanizada e non se atoparon aproveitamentos e usos; parcelas 6, 8 e 9 por non haber aproveitamentos por parte dos veciños; parcela 10, por non ser posible definir con exactitude a cabida e perímetro do monte e a pertenza do comunal e do particular en tanto non se realice o deslinde administrativo.

TERCEIRO.- Con data de entrada 08/07/04 D. Valentín Piñeiro González, na súa calidade de presidente da CMVMC de Meira, presenta perante o Xurado Provincial, recurso potestativo de reposición, contra a resolución de data 28/04/04, esgrimindo os seguintes motivos de oposición:

- Que a parcela 5 se clasificou nunha superficie inferior á solicitada e aporta nova planimetría onde se acotan con precisión as parcelas utilizadas polos veciños; que a parcela 7 existe aproveitamento veciñal en toda a parcela sen que se deba limitar a clasificación a área recreativa; da parcelas 6 solicita a clasificación de 3.484,14 m², aportando nova planimetría; da parcela 9 existe un contrato de cesión a favor de Industrias a Moa, que os comuneiños realizan aproveitamentos madeireiros, esquilmes, etc. e que existe unha sentenza dictada no expediente de terceira de dominio 543/89 do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Pontevedra, confirmada pola Audiencia Provincial de Pontevedra, onde se recoñece que a finca “Borna” de 10.050 m² é monte veciñal en man común dos veciños de Meira.

CUARTO.- Formalizados os trámites de audiencia contemplados no artigo 112 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, D. Juan Santos García, presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Domaio, mostra a súa oposición ó recurso de referencia, manifestando que non procede a clasificación en ningún caso das parcelas 1 e 9 por estar fóra dos límites parroquiais; por non haber aproveitamento por parte da comunidade reclamante; vulneración da chamada doutrina dos propios actos; con respecto a parcela 9 a comunidade de Domaio non foi parte nos Autos 543/89 do Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Pontevedra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para resolver os recursos de reposición contra as súas resolucións de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992.



Segundo.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por cumprir cos requisitos esixidos polo artigo 117.1 da citada Lei.


Tercero.- Revisada a documentación do expediente resulta acreditado o aproveitamento das parcelas 5 (dividida en 3 parcelas 5-1, 8.500 m/2 aprox 5-2, 2.850 m/2 aprox. e 5-3 1.850 m/2 aprox); parcela 7 (nunha superficie aproximada de 4.750 m/2). Nestas superficies inclúense as clasificadas mediante a resolución impugnada. A parcela 6 cunha superficie aproximada de 3.500 m/2 e a parcela 9 que queda acreditada á pertenza á Comunidade de Meira mediante sentenza dictada en expediente de dominio 543/89.

En consecuencia, vistos os preceptos legais citados e demais normativa de xeral e pertinente aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**


Estimar en parte o recurso de reposición interposto por D. Valentín Piñeiro González contra a resolución do Xurado de data 28 de abril de 2004, clasificando como monte veciñal en man común as parcelas 5, 6 e 7 de acordo coas superficies sinaladas no fundamento de dereito terceiro, e a parcela nº 9 na parte (10.050 m/2) recoñecida de titularidade da comunidade reclamante pola sentenza dictada no expediente de tercería de dominio 543/89, do Xulgado de 1º Instancia nº 2 de Pontevedra e confirmada pola Audiencia Provincial de Pontevedra, a favor dos veciños da comunidade de montes de Meira e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 109 a) e 116.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





OBSERVACIONS : Os límites do monte (en verde) son os correspondentes á croquis* da clasificación (E:1/25.000). Non poderán entrar en contradición coa súa descrición literal.	DATA : XUÑO-2.005	TRABALLO : CLASIFICACIÓN DA PARCELA "BORNA"
	ESCALA : 1/5.000	CONCELLO : MOAÑA PARROQUIA : MEIRA
	AUTOR : TOPOGRAFIA	COMUNIDADE : MEIRA MONTE : BORNA
*croquis: documentación gráfica sen carácter métrico.	Nº DA FOLLA : 223-34	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA



[Handwritten signatures and initials in blue ink]

Nº DA FOLLA 223-24 223-34	OBSERVACIONS : Os límites do monte (en verde) son os correspondentes á croquis* da clasificación (E:1/25.000). Non poderán entrar en contradición coa súa descrición literal. *croquis: documentación gráfica sen carácter métrico.	As parcelas 5-2 e 5-3 inclúen dentro dos seus límites as denominadas parcelas 5 e clasificadas en data do 28/04/04. Así mesmo, a parcela 7 sitúa dentro dos seus límites a parcela do mesmo numeración, e clasificada na data arriba sinalada.	DATA : DEC.-2.004 ESCALA : 1/5.000 AUTOR : TOPOGRAFÍA	TRABALLO : SOLICITUDE DE NOVA CLASIFICACIÓN CONCELLO : MOAÑA COMUNIDADE : MEIRA PARROQUIA : MEIRA MONTES : VARIOS	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SERVIZIO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA
--	---	---	--	--	--



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en reunión celebrada con data 10/01/06, e no punto 7º da Orden do día,

ACORDA:

Modifica-la resolución do Xurado de Montes de data 15/12/04, polo que se estimaba parcialmente o recurso de reposición interposto pola CMVMC de Meira, do concello de Moaña, contra resolución do mesmo Xurado de data 28/04/06, no senso de reflecti-la cabidas e lindes das parcelas clasificadas como MVMC, en base ó informe elaborado en data 17/10/05, polo xefe do servizo de Montes e Industrias Forestais, quedando ditas parcelas do seguinte xeito:

CONCELLO: MOAÑA

A FAVOR: CMVMC DE MEIRA

Nome do Monte: Parcela 5.1

Superficie: 8.500 m/2 aprox.

Lindes

Norte: Río de Caeagua

Sur: Muro que o separa de predios particulares de Jesús Nogueira e a canteira do Cocho

Leste: Estrada de Cangas a Vilaboa

Oeste: Ría de Vigo

Nome do Monte: Parcela 5.2

Superficie: 2.850 m/2 aprox.

Lindes

Norte: Predios particulares de Enrique Piñeiro Martínez

Sur: Predios particulares de Cristina Sánchez Martínez

Leste: Camiño

Oeste: Estrada PO-551

Nome do Monte: Parcela 5.3

Superficie: 1.850 m/2 aprox.

Lindes

Norte: Camiño

Sur: Camiño

Leste: Predios particulares de Lidia Argibay

Oeste: Camiño

Nome do Monte: Parcela 6

Superficie: 3.500 m/2 aprox.

Lindes

Norte: Predios particulares de Manuel Santomé

Sur: Estrada ó muelle da Guía

Leste: Conservas A Guía

Oeste: Estrada ó muelle da Guía e zona marítimo-terrestre



681

Nome do Monte: Parcela 7
Superficie: 4.750 m/2 aprox.

Lindes

Norte: Muro que separa de predios particulares de M^a Jesús González Barcia

Sur: Camiño

Leste: Estrada ó centro de primaria e predios particulares de María del Río Santiago,
Alicia López Barros e Jesús González Nogueira

Oeste: Muro que a separa da canteira do Cocho

Nome do Monte: Parcela 9
Superficie: 10.050 m/2

Lindes

Norte: Estrada de Moaña a Vilaboa

Sur: Estrada de acceso a Rodman e Latón

Leste: Propietario(s) descoñecido(s)

Oeste: Predios particulares de Herdeiros de Pedro Arizaga



O Secretario do Xurado

Asdo.: José M^a Muíños Mayoral

Vº Bº
O PRESIDENTE DO XURADO

Asdo.: Gonzalo Constenla Bergueiro